

OFERTA DE TRABALLO  
**TÉCNICA/O DE COMUNICACIÓN**  
FEGADACE

En FEGADACE buscamos **unha persoa para o posto de Técnica/o de Comunicación** que se incorporará temporalmente para apoiar no desenvolvemento da estratexia de comunicación da Federación (relación e traballo con medios, apoio en contidos dixitais, RRSS, noticias e publicacións de FEGADACE,...), seguindo as prioridades estratéxicas no eido comunicativo de FEGADACE e as entidades federadas.

**Obxectivos do Posto:**

En dependencia da Dirección da entidade, as súas principais funcións serán as de coordinar todos os aspectos relacionados coa visibilización da entidade e das súas asociacións, así como do propio dano cerebral adquirido, a través de (i) accións de difusión externa nos medios sociais e nos que lle son propios, (ii) medidas para favorecer a coordinación e comunicación interna, (iii) da execución -desde a formulación ao seguimento e xustificación- de proxectos nas áreas de sensibilización, prevención, formación e información, e (iv) do apoio na formulación e difusión de programas non específicos da área, na súa vertente comunicativa e de difusión.

**Principais funcións e responsabilidades:**

FUNCIÓNS XERAIS DE COMUNICACIÓN EXTERNA

- Execución de accións de comunicación en liña co Plan Estratéxico de FEGADACE e en función dos Plans Operativos Anuais de proxectos ou plans.
- Apoio transversal ao equipo da federación na preparación e desenvolvemento de plans de comunicación para s proxectos de FEGADACE.
- Creación de contidos para RRSS e web: difusión de noticias, campañas, incidencia política, adaptación das mensaxes do movemento asociativo a distintos colectivos, etc.
- Supervisión da cobertura dos medios; recompilación cobertura de prensa; análise de resultados e estatísticas cualitativos e cuantitativos.
- Asistencia na organización de eventos e actividades da federación.
- Participación en grupos de traballo e entidades de segundo nivel que poidan axudar posicionar as mensaxes da Federación a nivel externo.
- Identificar e propoñer colaboracións e eventos con axentes da industria cultural, medios, etc. para aumentar a difusión da concienciación social sobre o dano cerebral.
- Elaborar informes e documentos estratéxicos sobre o panorama dos medios de comunicación social e reportar novidades que poidan fortalecer as accións de visibilización de FEGADACE e o dano cerebral.
- Elaborar e enviar boletíns periódicos coa actividade federativa.

FUNCIÓNS XERAIS DE COMUNICACIÓN INTERNA

- Accións de comunicación interna para o reforzo da cohesión: elaboración e distribución de informes, coordinación de grupos de traballo...
- Apoio e asesoramento ás asociacións, Dirección e Xunta Directiva en tarefas e actividades relacionadas coa comunicación.
- Deseño, con ou sen asesoramento externo, segundo proceda, de materiais de comunicación e sensibilización, que emanen das decisións estratéxicas sobre comunicación social.

- Manter actualizada a lista de contactos de provedores, medios de comunicación, de industria cultural, deseño gráfico, audiovisual, e outras relevantes na área de comunicación.
- Elaboración de informes mensuais e de outra periodicidade que se poida determinar, co apoio da dirección e o resto do equipo
- Coordinar o GT de comunicación coas entidades federadas, traballando para garantir a coherencia entre a comunicación efectuada por todas as asociacións membro e a federación.

#### FUNCIÓN TRANSVERSAIS

- Participar nas planificacións periódicas, execución e avaliación dos proxectos en curso.
- Participar na elaboración das planificacións operativas e memorias anuais técnicas de cada proxecto.
- Participar en todas as reunións e encontros de coordinación internos e periódicos do equipo de traballo, así como en outros que poidan ser requiridos segundo demandas específicas.
- Apoio e soporte técnico á Dirección e resto de equipo na programación, execución e xustificación de toda as actividades implantadas
- Apoio na formulación, execución, seguimento e xustificación técnica dos programas e proxectos promovidos pola entidade, que non sexan especificamente de comunicación.
- Xestión e control da documentación e fontes de verificación asociada aos proxectos e programas.
- Realización de tarefas que poidan xurdir e cuxa responsabilidade de execución sexa consensuada e distribuída de maneira equilibrada entre os distintos membros do equipo.

#### **Competencias profesionais e académicas:**

- Requerido:
  - Titulación universitaria superior (Licenciatura en Xornalismo, Ciencias da Comunicación, Sociais ou afíns.
  - Coñecementos e uso frecuente de medios, plataformas e redes de comunicación social para promoción das accións da organización.
  - Destreza en manexo de bases de datos e ferramentas de newsletter tipo Acumbamail (ou similar).
  - Xestión e edición de contidos web.
  - Amplos coñecementos en redes sociais e medios de comunicación.
  - Capacidade de interlocución e negociación áxil con medios de comunicación e provedores.
- Desexable:
  - Valorable formación postgrao en Comunicación Social, Marketing Social, RRSS, Fundraising, ou similares.
  - Coñecemento do ámbito da discapacidade e do dano cerebral adquirido.
  - Coñecemento dos recursos sanitarios e sociais existentes no seu ámbito de actuación
  - Coñecemento e experiencia no Terceiro Sector de Acción Social.
  - Desexable experiencia, coñecemento e/ou formación específica en metodoloxías de planificación (Enfoque de Marco Lóxico), execución e xustificación de proxectos sociais.

- Identificación e aliñamento coa visión e valores de FEGADACE.
- Requirido carnet de conducir e dispoñibilidade de vehículo.
- Coñecemento superior dos idiomas galego e castelán falado e escritos
- Valorarase especialmente o coñecemento de inglés ou outras linguas estranxeiras.

**Competencias e habilidades persoais:**

- Habilidades organizativas e de planificación.
- Carácter dinámico e proactivo
- Comunicación fluída e oratoria
- Capacidade de análise e de traballo eficiente con prazos definidos.
- Capacidade de xestión de tarefas dentro de múltiples proxectos ao mesmo tempo.
- Flexibilidade e capacidade de adaptación ás necesidades da entidade
- Identificación cos valores e misión e compromiso coa organización
- Traballo orientado a obxectivos e resultados con atención ao detalle e á precisión
- Facilitade para integrarse en equipo multidisciplinar.

**Condicións laborais:**

- **Centro de Traballo:** Santiago de Compostela, Sede da Federación. Con desprazamentos puntuais para apoio en posibles actividades fóra de Santiago. Posibilidade de teletraballo 1 día á semana.
- **Condicións salariais:** as estipuladas en convenio colectivo vixente (XV CC Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade) para a xornada laboral e categoría profesional correspondente.
- **Tipo de contrato:** Xornada parcial (30h/semanais). Contrato substitución razón médica.

**Presentación candidatura:**

Na sección "traballa connosco" da web de FEGADACE:

[https://fegadace.epreselec.com/Ofertas/Ofertas.aspx?ld\\_Oferta=2776996](https://fegadace.epreselec.com/Ofertas/Ofertas.aspx?ld_Oferta=2776996)

Fecha límite de envío: 15 de xuño 2023.

Incorporación: a partir 3 de xullo 2023.

As entrevistas terán lugar a partir da semana do 19 de xuño de 2023.